



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Persoal

*Convocatoria e Bases específicas 1 praza arquitecto/a técnico/a*

**CONVOCATORIA E BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO DE ESTABILIZACIÓN PARA COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DO POSTO DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A ADSCRITO A URBANISMO CORRESPONDENTE Á OEP EXTRAORDINARIA 2022**

#### PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente, a regulación específica do proceso selectivo de estabilización do emprego temporal, de conformidade co disposto no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, a través do procedemento de concurso-oposición, para cobertura en propiedade, dunha praza do posto de ARQUITECTO/A TÉCNICO/A ADSCRITO A URBANISMO, persoal funcionario de carreira, correspondente ao Grupo A, Subgrupo A2, Escala Administración Especial, Subescala Técnica (establecido no artigo 76 do RDLex 5/2015 de 30 de outubro do texto refundido do EBEP), incluída na OEP extraordinaria de 2022 (BOP A Coruña nº 98 de 25 de maio de 2022).

As presentes bases específicas complétanse coas bases xerais publicadas no BOP A Coruña nº 204 de 27 de outubro de 2022, determinándose coas presentes aqueles aspectos propios e específicos da convocatoria da praza sinalada.

As retribucións actuais corresponden ás propias dun posto de Arquitecto Técnico A2, complemento de destino 24 e complemento específico mensual de 1.106,98 € no 2022. A xornada laboral será de 37,5 horas semanais en cómputo anual, cos descansos establecidos legalmente.

Entre outras funcións propias da súa categoría profesional, serán encomendadas ás prazas correspondentes as seguintes:

- Posto adscrito ao departamento de Urbanismo e Medio Ambiente, baixo a dependencia funcional e orgánica do Xefe/a de servizo, sen prexuízo das atribucións de dirección do Concelleiro/a delegado de urbanismo
- Asesoramento, control, asistencia técnica e emisión de informes técnicos proposta, preceptivos para a aprobación por órgano competente, para a tramitación de licenzas de obra, comunicacións previas, actividades, urbanizacións, licenzas de primeira ocupación, proxectos de división, segregación, regularización de predios e parceiacións, etc., de iniciativa pública ou privada en materia de urbanismo, así como en materia de disciplina urbanística
- Emisión de informes previos é emisión de certificacións de carácter urbanístico
- Control, inspección e seguimento da execución dos proxectos e memorias técnicas en materia de urbanismo, así como das edificacións e construcións xa rematadas e das actividades
- Realización dos traballos de incorporación, actualización e mantemento dos bens do Patrimonio Municipal do Solo
- Redacción, coordinación e elaboración de documentos técnicos en materia competencial da titulación en materia da súa competencia
- Asunción de dirección de obras de carácter público, de acordo á súa titulación
- Elaboración da documentación técnica e dos proxectos de adquisición de bens inmoables de natureza urbanística (incluído os proxectos de expropiación)
- Elaboración do prego de prescricións técnicas particulares nas materias da súa competencia. No suposto de ser realizada por outro técnico ou servizo, prestará a colaboración e asesoramento requirido
- Coordinación técnica con outras Administracións Públicas
- Asistencia a órganos colexiados, comisións técnicas e grupos de traballo que se lle encomenden
- Redacción, coordinación e elaboración de estudos, valoracións e taxacións, en materia da súa competencia

- Asesoramento, control, asistencia técnica e emisión de informes-proposta en materia de disciplina urbanística, ordes de execución e expedientes de ruina
- Informe-proposta de recursos administrativos e alegacións relacionados coa materia da súa competencia Atención o público en materia da súa competencia
- Asesoramento, control, asistencia técnica, emisión de informes e tramitación de solicitudes e xustificacións de subvencións a favor do Concello na materia da súa competencia
- Responsable dos contratos na área da súa competencia, con especial seguimento e control do cumprimento das obrigas contractuais sinaladas nos pregos e nas ofertas económicas
- Calquera outra función correspondente á súa subescala e propia das súas competencias e atribucións profesionais

#### SEGUNDA.- REQUISITOS ESIXIDOS

Serán requisitos de acceso á convocatoria os establecidos nas bases xerais, a excepción da titulación que queda determinada de seguido:

Titulación: Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos académicos ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias: arquitectura técnica, enxeñería de edificación ou titulación equivalente habilitante para o exercicio profesional da praza convocada.

#### TERCEIRA.- INSTANCIA E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

A instancia solicitando a participación rexirase polo establecido nas bases xerais e deberá seguir o modelo establecido como Anexo II debendo achegarse a documentación solicitada nas bases xerais (DNI, titulación, declaración xurada, autobaremo con documentación acreditativa dos méritos académicos e laborais, título de galego Celga 4 ou equivalente, xustificante de pagamento de taxa de exame).

O prazo de presentación de instancias de conformidade ao establecido nas bases xerais será de **20 días naturais dende o seguinte ao da publicación de anuncio no BOE desta convocatoria e bases específicas**. Con carácter previo estas bases específicas serán publicadas integramente no BOP e remitido anuncio ao DOG. As demais publicacións serán realizadas no taboleiro e complementariamente na web municipal e rexeranse polo establecido nas bases xerais.

A taxa de dereitos de exame establécese en 30,20 €. Poderá realizarse presencial ou telemáticamente a través da web municipal ([www.arteiro.org](http://www.arteiro.org) // Servizos económicos // Cidadanía // Oficina virtual tributaria // Realizar pago on line // Taxas. Para o pago telemático precisará un número de recibo que deberá ser facilitado polo departamento de Rendas e exaccións). En calquera caso, para instrucións de pago de taxas, recoméndase remitir mail ao departamento de Rendas e exaccións ([rendas@arteiro.org](mailto:rendas@arteiro.org)) ou poñerse en contacto telefonicamente co mesmo (981 659 029 e 981 659 031).

#### CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O establecido nas bases xerais.

#### QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O determinado nas bases xerais que será designado nominalmente, cos membros titulares e suplentes, no Decreto de aprobación da listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídas/os aos efectos de abstención/recusación, que de ser o caso, resolveranse no Decreto de listaxe definitiva.

#### SEXTA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O sistema de selección será o de concurso-oposición, segundo o determinado nas bases xerais para os procesos selectivos derivados do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, e consistirá nunha fase de oposición (60%) con carácter non eliminatorio, previa á fase de concurso (40%).

##### 6.1.- FASE DE OPOSICIÓN (60% do proceso selectivo. Carácter obrigatorio e non eliminatorio).

A fase de oposición terá carácter previo á fase de concurso e consistirá na realización dos seguintes exercicios segundo o establecido nas Bases xerais:

**1º EXERCICIO:** exame teórico (carácter obrigatorio e non eliminatorio): De 0 a 60 puntos.

Consistirá na realización dun exercicio tipo test de 50 preguntas, máis 5 preguntas de reserva, con 4 respostas alternativas das que unicamente unha é a correcta, relacionadas co temario anexo á presente convocatoria. As respostas correctas puntuarán 1,2 puntos, as repostas en branco e/ou erróneas non penalizan.

O tempo máximo para realización deste exercicio será de 60 minutos, podendo o Tribunal determinar tempos inferiores.

A corrección dos exercicios realizarase de xeito automático con software e máquina de lectura automática (salvo impresos relativos a inoperatividade da mesma) garantindo o anonimato dos/as aspirantes presentados.

**2º EXERCICIO:** proba de galego: carácter obrigatorio e non eliminatorio para todos/as os/as aspirantes que non aporten título para exención da realización desta proba.

Trátase dunha proba dirixida á comprobación, por parte do Tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e/ou escriben correctamente o galego. A proba de galego consistirá na tradución escrita directa dun texto en castelán facilitado polo Tribunal, á lingua galega, nun tempo máximo de 30 minutos. O texto será escollido polo Tribunal cualificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, podendo formarse con parágrafos de distintos textos.

## 6.2.- FASE DE CONCURSO

Os/as aspirante deberán aportar xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados o autobaremo establecido nesta convocatoria específica (Anexo III). Aqueles/as aspirantes que non presenten o autobaremo xunto coa documentación acreditativa no prazo de presentación de instancias ou no de emenda, serán cualificados con 0 puntos. Aqueles méritos alegados que non estean debidamente acreditados de conformidade ás bases xerais e ás presentes específicas, non serán valorados.

A puntuación máxima posible nesta fase de concurso é de 40 puntos (40% do proceso selectivo).

### A.- MÉRITOS PROFESIONAIS (máximo 36 puntos):

A experiencia profesional deberá acreditarse con Informe de vida laboral máis certificado expedido polo fedatario público da Administración no que se explicita o posto de traballo, grupo de pertenza ou equiparación, duración do contrato/nomeamento e tipoloxía xornada. A puntuación da experiencia profesional está referida a xornada completa, sendo que no suposto de xornada parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente.

1. Servizos prestados na entidade local convocante como arquitecto/a técnico pertencente ou equiparable ao subgrupo A2, en calidade de persoal temporal: 0,43 puntos por mes completo
2. Servizos prestados na entidade local convocante noutros corpos, escalas e categorías en calidade de persoal temporal: 0,1 puntos por mes completo
3. Servizos prestados noutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante) como arquitecto/a técnico pertencente ou equiparable ao subgrupo A2, en calidade de persoal temporal: 0,14 puntos por mes completo
4. Servizos prestados no resto do sector público como arquitecto/a técnico: 0,03 puntos por mes completo completo

### B.- OUTROS MÉRITOS (máximo 4 puntos)

1. Titulación superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos.
2. Formación e capacitación profesional: valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas ou outras entidades do sector público, os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza convocada e os considerados transversais como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención de riscos, ergonomía en traballos de oficina, dereitos e deberes dos empregados públicos, igualdade de xénero, a protección de datos, traballo en equipo, xestión de tempo, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e similares).

A puntuación será de 0,05 puntos por hora de curso.

Non serán valorados os cursos nos que non figure o número de horas lectivas (ou conversión de equivalencia). Non serán tidos en conta os cursos propios de informática de usuario (deseño webs, internet, procesadores de textos, excel básico, word e análogos), así como tampouco aqueles con antigüidade de máis de 10 anos a contar dende a data de remate do prazo de presentación de instancias.

A valoración dos distintos cursos é excluínte, de xeito que non poderá valorarse dúas veces un único curso nin poderán valorarse fraccionadamente, isto é, non serán valorados independentemente os cursos que formen parte dos créditos para obtención dunha titulación superior.

## 6.3.- CRITERIOS DE DESEMPATE

Empregaranse os seguintes criterios de desempate por este orde:

- Estar ocupando unhas das prazas obxecto da convocatoria
- Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante
- Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante
- Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas
- Maior idade

### SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

O Tribunal non poderá declarar que supera o proceso selectivo un número superior de aspirantes que o número de prazas convocadas. Non obstante, elaborárase unha listaxe de aspirantes ordenada segundo as cualificacións finais do proceso selectivo para supostos de renuncia, baixa voluntaria e/ou cobertura temporal de vacantes exclusivamente de análoga natureza da praza convocada. No suposto de que non aproben o proceso selectivo algún/ningún aspirante, o Tribunal declarará deserta a praza convocada.

As cualificacións finais dos/as aspirantes aprobados/as no proceso selectivo específico serán ordenadas con orde de prelación e publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.artaixo.org](http://www.artaixo.org)). No prazo de 3 días hábiles seguintes á publicación, poderanse presentar por Rexistro de entrada, reclamacións ou alegacións as mesmas, todo isto sen prexuízo dos prazos legalmente establecidos para interposición dos recursos que os/as lexitimamente interesados/as podan interpor na defensa dos seus intereses.

Rematado o prazo de exposición referido, o Tribunal cualificador resolverá as reclamacións/alegacións elevando á Alcaldía-Presidencia proposta final de nomeamento, en réxime administrativo como persoal funcionario de carreira, a favor do/a aspirante correspondente. Poderanse establecer períodos de proba de conformidade ao marco legal de aplicación de cada caso.

### OITAVA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E EFECTIVO NOMEAMENTO

O establecido nas bases xerais.

### NOVENA.- NORMA FINAL, LEXISLACIÓN APLICABLE E RÉXIME DE RECURSOS

Estas bases xerais e cantos actos administrativos deriven das mesmas poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e pola Lei do Procedemento Administrativo Común.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nas bases xerais e nestas bases específicas. A súa actuación poderá ser impugnada coa interposición de recurso dealzada e calquera outro que se considere procedente en dereito de conformidade ao establecido pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A lexislación aplicable ao presente procedemento é a seguinte:

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido do EBEP
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do texto refundido do Estatuto dos Traballadores
- Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas)
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia
- Texto refundido da Lei de Igualdade das Mulleres de Galicia
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local
- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables
- Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

**ANEXO I: TEMARIO****Temario xeral**

1. A Constitución Española de 1978: Principios xerais e estrutura. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Organización territorial do Estado na Constitución
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido
3. O municipio. Elementos. Territorio e poboación. Competencias dos municipios
4. O goberno municipal. Clases de órganos. O Pleno da Corporación. O Alcalde. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas
5. O acto administrativo: concepto e clases
6. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación
7. Os recursos administrativos. Concepto e clases, requisitos xerais
8. A función pública local. O persoal ao servizo da Administración Local. Funcionarios propios das entidades locais
9. Facendas locais: A Lei reguladora das facendas locais. Os recursos das facendas locais. Taxas e prezos públicos.
10. O Orzamento xeral das entidades locais. Elaboración e aprobación. As bases de execución do orzamento.
11. Os bens das entidades locais. Dominio público e bens patrimoniais.

**Temario específico**

12. Aspectos xerais da evolución do urbanismo en España. Distribución de competencias en materia de urbanismo. Lexislación estatal e autonómica. A sentenza 61/1997 do Tribunal Constitucional
13. O Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana. Antecedentes, obxecto e disposicións xerais
14. O Réxime urbanístico da propiedade do solo: as situacións básicas do solo e actuacións de transformación en relación co réxime da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
15. Dereitos e deberes dos cidadáns. Réxime urbanístico do dereito de propiedade. Contido do dereito de propiedade segundo o Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro. Incidencias na transmisión de fincas e declaración de obra nova
16. A Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia
17. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia: réxime urbanístico do solo. Solo urbano
18. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia: Réxime urbanístico do solo. Solo núcleo rural
19. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia: réxime urbanístico do solo. Solo urbanizable
20. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro: réxime solo rústico
21. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro: normas de calidade ambiental e paisaxística
22. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro: procedemento de outorgamento de licencias
23. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro: caducidade das licencias
24. Planeamento urbanístico. Límites de sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social. División do solo urbano e urbanizable. Instrumentos de planeamento urbanístico: avaliación ambiental estratéxica dos instrumentos de planeamento urbanístico

25. O Plan xeral de ordenación municipal: obxecto, determinacións, documentación. Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal. Os plans parciais: obxecto, determinacións, documentación. Os plans especiais. Outras figuras de planeamento: delimitacións de solo de núcleo rural. Estudo de detalle. Catálogos

26. Vixencia e modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Modificacións dos instrumentos de planeamento urbanístico. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia. Normas de aplicación directa

27. Os proxectos de urbanización. Execución e conservación de obras de urbanización

28. Intervención na edificación e uso do solo. Deberes de uso, conservación e rehabilitación. Ordes de execución. Rexistro de soares e venda forzosa

29. Declaración de ruína. O expediente de ruína. Supostos. Tramitación. Edificios protexidos

30. Intervención na edificación e uso do solo. As licenzas urbanísticas

31. A comunicación previa de obras. Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade. Actos promovidos por administracións públicas

32. Parcelacións urbanísticas. Divisións de terreos no solo rústico. Usos e obras provisionais. Edificios fóra de ordenación

33. Disciplina urbanística. Inspección urbanística. Protección da legalidade urbanística. Procedemento. Executividade. Suspensión e revisión de títulos administrativos. Supostos especiais

34. Infraccións urbanísticas e sancións. Prescrición, persoas responsables, órganos competentes para a imposición das sancións, o procedemento sancionador

35. Os réximes transitorios do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, e da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

36. Normas Subsidiarias do planeamento urbanístico do Concello de Arteixo. Normas Urbanísticas I: Ordenanzas Xerais

37. Normas Subsidiarias do planeamento urbanístico do Concello de Arteixo. Normas Urbanísticas II. Título V: Ordenación de sistemas

38. Normas Subsidiarias do planeamento urbanístico do Concello de Arteixo. Normas Urbanísticas II. Ordenanzas

39. O Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia

40. A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

41. A redacción de proxectos e dirección de obras. O Real Decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio

42. Estradas e ferrocarril, lexislación estatal e autonómica. A Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas

43. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

44. Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia

45. A Lexislación en materia de augas. O Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas

46. Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de dominio público hidráulico

47. Lei 9/2010, do 30 de xullo, de augas de Galicia

48. Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas

49. Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral

50. Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia

51. A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Bens catalogados do termo municipal

52. A Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías

53. A certificación de eficiencia enerxética. Real Decreto 390/2021, de 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios

54. Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia
55. O Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condición básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións
56. O Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia
57. O Código técnico da edificación (CTE). Disposicións xerais. Esixencias básicas
58. As medidas preventivas de control de calidade na construción
59. Ordenanza municipal do Concello de Arteixo de obras e servizos no dominio público (Ordenanza non fiscal núm. 18)
60. Ordenanza municipal do Concello de Arteixo do control e supervisión da execución de obras (Ordenanza non fiscal núm. 36)

**ANEXO II: MODELO INSTANCIA**

D/Dona ..... con DNI núm: .....  
con enderezo.....C.P..... Localidade.....  
teléfono de contacto..... e-mail.....

**EXPÓN:**

Que tendo coñecemento da apertura do prazo de presentación de instancias do proceso de ESTABILIZACIÓN de 1 praza de persoal funcionario de carreira do posto de **ARQUITECTO/A TÉCNICO/A ADSCRITO A URBANISMO** do Concello de Arteixo.

Declarando explicitamente cumprir os requisitos establecidos nas bases xerais e específicas da convocatoria, non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a ditos postos e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións publicas por sentenza firme.

E efectuando pola presente **Declaración responsable da exactitude e veracidade** da documentación que se aporta xunto á presente:

1. DNI
2. Titulación establecida como requisito de acceso na categoría á que opta
3. Acreditación de coñecemento de lingua galega para exención de realización de proba de galego (Celga 4 ou equivalente)
4. Autobaremo xunto coa documentación acreditativa dos méritos
5. Xustificante do pago dos dereitos de exame ou documentación de exención de pago segundo o establecido na ordenanza fiscal nº 11
6. Acreditación de discapacidade, de ser o caso, e/ou especificación de medidas de adaptación para realización dos exercicios da fase de oposición

**Por todo o exposto SOLICITA:**

Sexa admitida esta Instancia para participar na convocatoria enriba referida, correspondente á OEP extraordinaria 2022.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámite estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

**AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO**



## ANEXO III: AUTOBAREMO

D/Dona ..... declara pola presente, a veracidade dos méritos alegados no proceso selectivo ao que opta (para autobaremar os seus méritos siga estritamente o establecido nas bases reguladoras e verifique que achega a documentación acreditativa solicitada segundo as mesmas).

## 1. MÉRITOS PROFESIONAIS:

Admón.// Empresa	Posto traballo	Especificar A.1,A.2,A.3,A.4	Datas Inicio/Fin	Nº Meses	Grupo cotización	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

PUNTUACIÓN APARTADO A (MÁXIMO 36 PUNTOS) ..... puntos

## 2. OUTROS MÉRITOS:

## Apartado B.1

Titulación superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

## Apartado B.2

Entidade formadora	Título curso	Nº horas	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

PUNTUACIÓN APARTADO B (MÁXIMO 4 PUNTOS) ..... puntos

TOTAL CURRÍCULO AUTOBAREMADO  
PUNTUACIÓN A+B (máximo 40 puntos)..... puntos

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

Arteixo, 13 de decembro de 2022

Asinado: Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)

2022/7898